

PROXECTO XORNADA ÚNICA



CURSO 2013-2014
E.E.I. SAN RAQUE
VIVEIRO

➤ **A XORNADA ÚNICA É ...**

a xornada escolar que se desenvolve só en sesión de mañá, sen interrupción e de forma continuada.

➤ **PROPONSE UN NOVO HORARIO ...**

SETEMBRO E XUÑO	OUTUBRO - MAIO
9:20-14:20: actividades lectivas.	9:20-14:20: actividades lectivas.
14:30-14:35: saída do transporte.	14:30-14:35: saída do transporte.
14:20-15:20: xantar, para os usuarios do comedor.	14:20-15:20: xantar, para os usuarios do comedor.
	15:20-16:00: tempo de xogo para os usuarios do comedor, baixo a responsabilidade da ANPA.
	16:00-17:00: actividades extraescolares.

- *Merenda saudable antes do recreo.*

➤ **OS REQUISITOS NECESARIOS PARA A SÚA IMPLANTACIÓN SON:**

- Acordo do claustro de profesores e profesoras, por maioría dos tres quintos dos seus membros.
- Acordo do consello escolar, por maioría dos tres quintos dos seus membros.
- Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
- Acordo favorable do 58% do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado. Computarase, a efectos de censo, a nai ou o pai ou un dos titores legais.
- Plan específico de actividades extraescolares.

• *Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nas escolas de educación infantil...(DOG, 6 de xuño do 2008).*

➤ OS OBXECTIVOS DA XORNADA CONTINUA SON:

- Aumentar o rendemento académico do alumnado xa que a mañá é a etapa do día na que están máis receptivos, cun maior nivel de atención e de motivación, con maior capacidade de concentración e de rendemento cognitivo.
- Manter o mesmo horario de setembro a xuño para favorecer a adquisición de rutinas, fundamentais nesta primeira etapa educativa.
- Facilitar a organización temporal ás familias do alumnado e ó profesorado, evitando as perdas de tempo nos desprazamentos de pola mañá e pola tarde.
- Reducir o cansanzo dos nenos/as.
- Posibilitar o descanso do alumnado máis pequeno despois de xantar.
- Favorecer a conciliación familiar en tódolos sectores da comunidade educativa.
- Igualar a xornada coa do centro de Educación Primaria ó que está adscrito a nosa escola.
- Favorecer a realización de actividades complementarias coa amplitude horaria da xornada, sen ter que modificar os horarios nas saídas realizadas fóra da vila.
- Aumentar o tempo dispoñible do alumnado para realizar actividades extraescolares.
- Optimizar a tarefa do profesorado durante os períodos non lectivos: planificación de actividades, elaboración de materiais, reunións, titorías, actividades de formación e perfeccionamento.
- Dinamizar o uso da biblioteca escolar que permanecerá aberta fóra do horario lectivo e que estará vixiada polo profesorado.

➤ **AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES SERÁN...**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
15:20-16:00	Obradoiro <i>Hábitos de vida saudable</i>	Xogos no patio/ludoteca	Obradoiro <i>Hábitos de vida saudable</i>	Xogos no patio/ludoteca	Xogos no patio/ludoteca
16:00-17:00	Iniciación musical	Obradoiro de creatividade	Xogos predeportivos	Obradoiro de monicreques	Baile
16:20-17:20					Piscina

**Obradoiro Hábitos de vida saudable(para os usuarios do comedor).*

➤ **CON ESTA XORNADA CAMBIARÁ...**

- O horario escolar porque se desenvolverá nunha soa sesión matinal de 5 horas lectivas.
- O funcionamento da biblioteca que permanecerá aberta todos os días da semana, agás os venres.
- A permanencia, por turnos, do profesorado no centro polas tardes para a supervisión das actividades extraescolares e a apertura da biblioteca.

➤ **CON ESTA NOVA PROPOSTA NON VARIARÁN...**

- O número de sesións lectivas: 5 ó día con 30 min. de recreo.
- Os servizos complementarios da escola: transporte escolar(para o alumnado domiciliado a máis de 2 km) e comedor(ANPA).
- A organización das actividades extraescolares a cargo da ANPA .
- A organización escolar en xeral.